

## CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

*Decreto 207/2003, do 3 de abril, polo que se nomea directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller a Marta González Vázquez.*

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta da conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día tres de abril de dous mil tres.

Nomeo a Marta González Vázquez directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Santiago de Compostela, tres de abril de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Pilar Rojo Noguera  
Conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Corrección de erros.-Decreto 189/2003, do 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia da Coruña.*

Advertido un erro no citado decreto, publicando no DOG número 59, do 25 de marzo, cómpre efectuarla oportuna corrección:

Na páxina 3.630, no concello de Cedeira, onde di: «San Román de Montoso (San Román)», debe dicir: «San Román de Montoxo (San Román)».

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 27 de marzo de 2003 pola que se conceden axudas a conservatorios de música non dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

Por Orde do 6 de novembro de 2002 (DOG do 18 de novembro) publicouse a convocatoria para a concesión de axudas a conservatorios de música non

dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Valoradas as solicitudes e elevada a proposta de concesión destas axudas pola comisión constituída segundo o punto sétimo da orde de convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### DISPÓN:

Primeiro.-Concederlle-las axudas, nas contías que se sinalan, ós conservatorios de música que se relacionan no anexo a esta orde.

Segundo.-Para facer efectivo o pagamento das axudas, os beneficiarios presentarán na Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, Subdirección Xeral de Centros, Servizo de Xestión de Programas Educativos, antes do 15 de outubro de 2003, a xustificación completa dos gastos realizados, segundo o disposto no punto décimo da orde de convocatoria.

Terceiro.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), ou ben poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa (BOE do 14 de xullo).

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2003.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### ANEXO

Conservatorio	Contía da axuda concedida (euros)
Arzúa	8.832,49
Betanzos	13.762,05
Carballo	27.590,34
Culleredo	25.296,77
Melide	21.019,93
Federico Paz Carbajal - Noia	17.555,98
Pontes de García Rodríguez, As	21.174,44
Ribeira	23.226,18
Mestre Ibáñez - Monforte de Lemos	17.046,26
Vilalba	32.246,26
Viveiro	40.529,10
Barco de Valdeorras, O	19.893,85
Carballiño, O	13.391,37
Celanova	17.110,20
Ribadavia	8.316,55
Verín	11.866,33
Xinzo de Limia	16.196,16